EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DOCUMENTAIS

EXERCICIO 1

Fai un comentario do plano do casco histórico de Valencia.

EXERCICIO 2

Fai un comentario do seguinte plano do proxecto de ensanche de Barcelona de 1859.

EXERCICIO 3

Comenta o seguinte mapa sobre o sistema de cidades en España.



EXERCICIO 4

En que ilustracións está representada a localización e situación de A Coruña? Explica que diferencias hai entre os dous conceptos?



EXERCICIO 5

Que tipo de plano observas na fotografía inferior?

EXERCICIO 6

Completa a seguinte táboa sobre o proceso de urbanización.

	Preindustrial	Industrial	Posindustrial
Cronoloxía			
Taxa de urbanización			
Factores de urbanización			

EXERCICIO 7

Completa o seguinte esquema poñendo o termo que falta naqueles lugares nos que aparece o símbolo da interrogación ?

O ESPAZO E O POBOAMENTO URBANO			
DEFINICIÓN DE CIDADE	Criterio cuantitativo	Elevado número de habitantes. Superior a ?	
	Criterios cualitativos	Sectores económicos predominantes: ? Influencia sobre un territorio máis amplo. Tipo de arquitectura e urbanismo: ? Dinamismo e variedade social. Moitas funcións.	
PROCESO DE URBANIZACIÓN	Etapa preindustrial (ata o s. XVIII)	Etapas: Cidade romana. ? ? ? ?	Características: ?
	?	?	
	?	?	
MORFOLOXÍA URBANA	Ten como elementos	?	
ESTRUTURA URBANA	Configurado por	?	
FUNCIÓNS URBANAS	?		
SISTEMA DE CIDADES	Xerarquía urbana	?	
	Redes de cidades	En Europa	?
		En España	?
PROBLEMAS AXENTES SOCIAIS E SOLUCIÓNS	**Problemas:** ?	**Axentes sociais:** ?	**Solucións:** ?

RESPOSTAS

Exercicio 1

O documento a comentar é un plano do casco antigo da cidade de Valencia. Trátase dun plano a gran escala (representa pouco espazo con moitos detalles). Este núcleo urbano, como aquelas cidades cunha longa historia, presenta unha morfoloxía e estrutura urbana complexa, na que poden distinguirse diferentes áreas. Esta comprende, como dixemos anteriormente, o casco histórico.

O plano representa a parte da cidade urbanizada desde a súa orixe ata o crecemento urbano de mediados do século XIX. O núcleo histórico de Valencia está **localizada** nunha chaira litoral do Golfo que leva o seu mesmo nome, perto da desembocadura do río Turia nun meandro que formou este río sobre un outeiro para evitar as inundacións. Este leito do río foi drenado e convertido en parque desprazando o leito actual cara o oeste e sur da cidade. A **situación** de Valencia é favorable con respecto ás comunicacións tanto terrestres (litoral levantino) como marítimas e está rodeada dun contorno con boas condicións agrícolas.

A cidade foi fundada no período da romanización e integrada na gran calzada litoral. Con funcións administrativas, militares e económicas (desenvolver a actividade agraria na chaira litoral do seu contorno). Ademais de restos arqueolóxicos deste período, só se mantén no plano un sector do cardo e o decomano situado no norte do casco histórico. Estrutura herdada dos vellos campamentos romanos e que foi aplicada ao urbanismo das cidades de orixe militar. Coa caída do imperio romano, Valencia sufre un descenso demográfico que só se recuperará e medrará a partir do século VIII coa chegada dos musulmáns.

A **cidade medieval musulmana** situada na parte norte e central do casco histórico, estivo rodeada por unha muralla (perímetro de cor azul no plano) entre o século VIII ao século XIII. No seu interior atopábase a medina. A partir do século XI constituíuse un importante reino Taifa que dirixiu unha área moi ampla nos seus arredores. O plano é irregular, con rúas estreitas, tortuosas e prazas sen formas definidas.

A finais do 1/3 do século XIII, Xaime I de Aragón conquista Valencia. Iniciase o período cristiá. A **cidade medieval cristiá** herdará o espazo da cidade musulmá eliminando os usos da primitiva relixión (sobre a antiga mesquita edificarase a actual catedral na segunda metade do s. XIII) pero conservarase o trazado das súas rúas. O barrio da xudaría, situado no interior da cidade, será amurallado en 1321 para protexer a esta minoría étnica dos ataques da comunidade cristiá. A mediados do século XIV, Pedro IV o Cerimonioso, amplía o perímetro da cidade que seguía o trazado da actual rolda –constituída polas rúas Guillén de Castro, Játiva e Colón–. (véxase a liña vermella). Dela consérvanse algunhas portas (como as Torres de Quart ou torres de Sérrano). As súas funcións eran defensivas, fiscais (cobramento de impostos) e sanitarias (illamento da cidade en caso de epidemia).

O plano foi irregular na época musulmá, con rúas estreitas e tortuosas e prazas sen formas definidas, e regularizouse lixeiramente trala conquista cristiá (1283). Esta irregularidade obsérvase sobre todo na súa parte norte, con centro na catedral. O perímetro urbano coas súas murallas conservarase ata mediados do século XIX. En 1865 serán derrubadas (conservándose só algunhas portas). Neste período a parte sur sufriu transformacións no abríronse novas rúas (aliñamentos regulares e ensanchado rúas) e prazas como a do País Valenciano, con motivo da instalación nesta zona da estación de ferrocarril.

A trama do casco antigo é compacta, xa que durante séculos, a poboación medrou dentro do recinto amurallado, o que traeu consigo unha progresiva densificación da trama.
A edificación, inicialmente de baixa altura, experimentou unha progresiva verticalización e un deterioro morfolóxico e social nalgunhas zonas, que deu lugar a procesos de renovación e substitución por casas de maior altura e calidade.

Os usos do chan da cidade na época preindustrial foron residenciais, industriais (seda) e o comercio marítimo. Na actualidade, a parte sur alberga ao CBD, onde instálanse os comercios, oficinas, bancos e espectáculos. Algunhas áreas residenciais están degradadas (envellecemento poboacional, inmigración e marxinalidade) noutros sectores estase iniciando un proceso de xentrificación onde os sectores con maior poder adquisitivo están desprazando aos colectivos tradicionais da poboación do casco histórico.

O casco antigo conserva importantes monumentos, como a catedral e palacios e igrexas de diversas épocas.

Exercicio 2

O documento a comentar representa o plano do proxecto de ensanche de Barcelona deseñado polo urbanista Ildefonso Cerdá a mediados do século XIX.

Como consecuencia da revolución industrial, as cidades van coñecer profundas transformacións, que supoñen a chegada dunha nova etapa no proxecto de urbanización.

A industria convulsionou profundamente ás cidades e a vida nelas, porque, ao localizarse nestas, atraeu cara a cidade moita poboación. Prodúcense intensos movementos migratorios de campesiños que buscaban novas posibilidades de traballo, mellor nivel de vida: prosperidade, en definitiva.

Nas etapas iniciais da industrialización as cidades foron evolucionando sen ningún tipo de dirección, orientado polos intereses especulativos privados. Os novos poboadores urbanos procedentes do mundo rural nutríronse de man de obra de industrias, polo que os seus barrios estaban nas proximidades das fábricas. Con isto, a cidade tradicional deteriorábase. En moitos casos, o casco histórico era invadido e degradado, e a cidade perdía todo o equilibrio co medio natural. Un dato o casco antigo de Barcelona quintuplicou a súa poboación na primeira metade do século XIX sen incrementar o espazo construído isto acarreou serios problemas hixiénicos, de epidemias e de forte mortalidade que afectou principalmente á clase traballadora. O orde e a dignidade das cidades herdadas do pasado sucumbían ante o caótico período industrial.

Para poñer remedio a esta situación multiplícanse as ideas sobre a necesidade de planificación urbana. Estas céntranse, no século XIX, principalmente nos **proxectos de ensanche**, que supoñen o derribo das murallas tradicionais e a planificación meticulosa dun sector, urbano, conectado máis ou menos morfolóxica e funcionalmente con outros sectores da cidade tradicional.

O atraso que se produce en España a revolución industrial con relación a Europa occidental e as escasas áreas onde ten lugar, orixinan que o crecemento demográfico das cidades poida ser absorbido mediante o aumento da altura dos edificios e a ocupación do chan non edificado, acompañado da remodelación de rúas e apertura das prazas. Isto causou, por unha parte, moi altas densidades nos cascos antigos, aínda que tivo a vantaxe de facer posible que a planificación posterior dos ensanches puidera ser acometida sen angustia e, polo tanto, coa calidade urbanística.

Os ensanches do século XIX foron concibidos e planificados como sectores da cidade totalmente novos e sobre solo virxe, mellor ou peor conectados cos barrios tradicionais ou, simplemente, xustapostos. Dos proxectos iniciais (por causa dos cambios habidos, provocados por unha persistente especulación só queda nos planos actuais a regularidade do trazado viario, ortogonal, así como a uniformidade e a ordenación das mazás.

Os ensanches máis importantes a mediados do XIX, foron executados en **Barcelona (plan Cerdá)** e **Madrid (plan Castro** para o Barrio de Salamanca**)**. Ambos aprobados en 1860, foron seguidos doutros plans menores, como o San Sebastián e posteriormente o de Valencia, Pamplona e Zaragoza e xa no século actual o de Palma de Mallorca (de deseño radial), Santander, Cádiz e **A Coruña** (plan Ciórraga) entre outros. O problema común a todos eles é que só puideron ser ocupados por persoas de alto ou medio poder adquisitivo e, polo tanto, non resolveron os problemas da vivenda das clases traballadoras.

Cerdá vai abordar con decisión os problemas de Barcelona: mentres que a poboación quintuplícase, a cidade amurallada tradicional limita toda expansión, a densidade de poboación nunha estrutura de edificación con altura reducida era de 860 habitantes por hectárea, a vida media non pasa dos trinta e seis anos para as clases elevadas e vintetrés para os pobres, a hixiene era deficiente ou nula,...

As características do Plan Cerdá son: parte do respecto á zona antiga. Trátase dun plan de ensanche de plano ortogonal, unha inmensa cuadrícula que estende a cidade cara o río Besós. As edificacións están concibidas en mazás nas cales ordenábase a edificación en bloque de non excesiva altura (16 m.), illadas entre xardíns. As rúas, de 20 metros de anchura, córtanse en ángulo recto. O conxunto viario ordénase segundo os eixes N-E e N-O e dúas grandes diagonais o cortan, cruzándose nun punto central que se considera como o futuro centro teórico da cidade (Praza das Glorias Catalanas). A previsión de grandes arterias cidadáns, é un dos logros do proxecto.

Un dos aspectos máis interesante do plan radica no xeito de enlazar a cidade vella e a nova: o casco antigo é atravesado pola prolongación de tres das rúas novas, dúas delas cara o mar e a terceira atravesándoa perpendicularmente.

Estaban previstos oito parques públicos sen contar o grande bosque á beira do Besós, no límite da cidade.

Analizando o proxecto debemos advertir que este plan non foi levado integramente á práctica. Si se compara co plano actual de Barcelona, identificamos o proxecto feito realidade, pero se reduciu a un plan rectangular que acumulou moitos máis edificios dos previstos. Aumentouse a altura das casas e os patios de mazá, destinados en principio a zona verde, construíronse ata determinada altura.

Na actualidade os sectores do ensanche máis pertos do casco histórico sitúase o CBD e nos sectores residenciais sitúase a poboación de clase media-alta.

Exercicio 3

Estamos ante un mapa temático onde se representa o sistema urbano español coa súa xerarquía e redes urbanas. Este vertébrase sobre dezaseis aglomeracións urbanas que superan os 500.000 habitantes. **Madrid** e **Barcelona** contan con **máis de 3.000.000 de habitantes**. Madrid ocupa o primeiro con 5.500.000 de habitantes e Barcelona os 3.000.000. As dúas configuran un **sistema bipolar**.

Cinco aglomeracións superan os 800.000 habitantes (Valencia, Sevilla, Bilbao, Centro Astur e Málaga) e outras nove superan os 500.000.

Por debaixo delas vai un elevado número de cidades entre 400.000 e 100.000 habitantes como froito da descentralización urbana. O sistema urbano español é fundamentalmente periférico (predominando no sector Mediterráneo), con dúas macrourbes no interior da península (Madrid e outra secundaria en Zaragoza). O espazo interior está pouco urbanizado.

No mapa das cidades españolas distinguiremos xerarquicamente os seguintes postos: metrópole (global nacional, rexional e subrrexional), cidades medianas, e capitais de comarca todas elas vertebradas nunha rede urbana que configura unha serie de eixes dentro do espazo español e europeo.

É o **primeiro nivel xerárquico**. Están representadas por Madrid e Barcelona, aglomeracións que superan os 3.000.000 de habitantes. Nelas reside o 20% da poboación española. A súa influencia abarca a todo o territorio español e manteñen relacións estreitas co sistema urbano europeo e mundial. Teñen funcións moi diversificadas, servizos moi especializados, numerosas oficinas centrais de empresas nacionais e multinacionais e localízanse as sedes das principais institucións públicas culturais, políticas e económicas do país. O seu tamaño e a súa condición pode xerar, por outro lado, serios problemas como por exemplo a conxestión das redes de transporte.

As **metrópoles rexionais** son un **segundo nivel xerárquico** están representadas na actualidade en España por cinco aglomeracións: Valencia, Sevilla, Bilbao, Málaga e Zaragoza. Cunha poboación comprendida entre o 1.750.000 e 750.000 habitantes. Ben comunicadas, con funcións diversificadas e servizos especializados. A súa área de influencia abarca unha extensa rexión[1] e manteñen unha forte ligazón coas metrópoles globais ou nacionais.

As **metrópoles subrexionais** ou **rexionais de segundo orde** (**terceiro nivel xerárquico**) son pequenas áreas metropolitanas como Vigo, A Coruña, Oviedo, Valladolid, Palma de Mallorca, Alacant... Cunha aglomeración en torno aos 700.000 e 250.000 habitantes. Igual que as metrópoles rexionais teñen funcións diversificadas e servizos especializados pero a súa área de influencia é menor que unha metrópole rexional.

As cidades medianas representan o **cuarto nivel xerárquico**. Tamén se lles denomina **centros subrexionais**. Teñen unha poboación en torno os 200.000 e 50.000 habitantes. Son centros administrativos (moitas son capitais provinciais e incluso autonómicas), con importantes servizos. Santiago, Santander, Cádiz, Logroño, Ciudad Real... son exemplos deste modelo.

Por último as capitais comarcais representan o **quinto nivel xerárquico**. Son núcleos que teñen en torno aos 10.000 e 50.000 habitantes. Posen equipamentos, infraestruturas e servizos básicos a súa área de influencia abarca unha comarca. Monforte, Ponferrada, Miranda do Ebro... son exemplos deste nivel xerárquico.

[1] Concepto que é máis amplo que o termo político-administrativo Comunidade Autónoma. Podemos denominalo como aquela área xeográfica que ten aspectos físicos e socioeconómicos homoxéneos.

Dende 1960 o sistema urbano español foi evolucionando e trazando uns eixes de desenvolvemento que coinciden coa localización das principais áreas económicas e coas redes de transporte.

Por outro lado Europa Occidental é na actualidade ou ben un espazo urbano ou un **territorio organizado polas cidades**. O 50% da poboación da Europa Occidental reside en áreas metropolitanas. Podemos considerar que a rede española é unha subrede da rede europea.

A rede urbana española está vertebrada por eixes ou áreas que son os seguintes: o eixe mediterráneo, cantábrico, val do Ebro, atlántico, andaluz, Madrid e arquipélagos.

O eixe mediterráneo forma a **megalópole** que vai dende Cartagena á fronteira francesa. Esta inclúe grandes metrópoles como Barcelona e Valencia. Os transportes (autopista, ferrocarril e tráfico aéreo), a actividade industrial e o turismo facilitaron o seu desenvolvemento. Practicamente todo o litoral está urbanizado. Este eixe relaciónase co eixe urbano mediterráneo francés.

O eixe cantábrico esténdese dende a fronteira francesa ao centro da rexión asturiana. Cara o occidente asturiano e a costa cantábrica galega este eixe é menos vigoroso. Trátase dun eixe descontinuo con grandes aglomeracións como Bilbao que forma un triángulo con Vitoria e Donosti e Oviedo, Gijón e Avilés. Conta con Santander como cidade media intermedia. Ten ramificacións cara o interior da Meseta (León, Burgos e Logroño). A reconversión industrial fixo que este eixe urbano deixase de ter a importancia que tivo no pasado.

O eixe do val do Ebro caracterízase por formar un corredor que une os eixes anteriores. A cidade principal é Zaragoza que crea un enlace moi importante con Logroño ou o sur de Navarra. É un eixe novo, moi dinámico, mantendo equilibrio entre a industria e o sector sevizos.

O eixe atlántico esténdese entre Ferrol e a aglomeración de Vigo. Prolóngase polas penínsulas e puntos costeiros (Morrazo, Salnés, Barbanza, Noia) e cara Lugo e Ourense polo interior. Está especializado fundamentalmente na actividade comercial.

O eixe andaluz ten dous corredores. Un litoral que se estende dende Huelva cara a Almería. Especializado no turismo, comercio e agricultura moi tecnificada. Outro eixe esténdese dende Sevilla a través do val do Guadalquivir cara Jaén, é descontinuo e menos dinámico as súas cidades están relacionadas co desenvolvemento agrícola do contorno, o comercio e o turismo.

Madrid ten o carácter de centralidade e capitalidade fai que sexa o núcleo urbano máis grande de España. Ten un carácter multifuncional terciario. É polo de atracción doutras cidades cércanas pertencentes a outras comunidades autónomas (Ávila, Segovia, Toledo, Guadalajara). Mantén importantes relacións coas principais cidades españolas e esta integrada no sistema urbano europeo.

En **Baleares** e **Canarias** a insularidade dificulta a formación de eixes. As cidades máis importantes son as capitais autonómicas como Palma de Mallorca no caso Balear e un sistema bipolar (Tenerife e Las Palmas) no caso canario. Existe un claro predominio de actividade turística.

Por último destacar, que no **interior peninsular** non existen eixes urbanos. Predominan medianas e pequenas cidades (a excepción de Valladolid) especializadas na administración, comercio e agroalimentación.

Exercicio 4

Na fotografía aérea distinguimos dous tipos de plano. En primeiro lugar un plano irregular con trama compacta e rúas estreitas e turtuosas típico do modelo urbano dos cascos históricos da cidade. En segundo lugar atopámonos cun plano regular ortogonal de trama compacta. Típico do modelo urbanístico dos ensanches que se iniciaron na época industrial da segunda metade do século XIX, principios do XX.

Exercicio 5

Como se pode observar nas catro primeiras ilustracións estamos falando de localización. Que factores físicos explican a disposición espacial de A Coruña (en relación ao relevo, solo, ventos e insolación que recibe). A última ilustración representa a situación de A Coruña no conxunto

das rías altas que conforman o Golfo Ártabro. Vemos a súa relación con outra cidade importante como Ferrol e a rede viaria básica do transporte por estrada.

Exercicio 6

	Preindustrial	Industrial	Posindustrial
Cronoloxía	**Antigüidade principios do XIX**	**XIX-1975 (aprox.)**	**1975 á actualidade**
Taxa de urbanización	**10%**	**Crecemento progresivo ata chegar ao 70%**	**Algo menos do 80%**
Factores de urbanización	**Estratéxico-militares Político-administrativos Relixiosos. Comerciais.**	**Localización da industria.**	**Crecente importancia dos servizos como factor de urbanización.**

Exercicio 7

O ESPAZO E O POBOAMENTO URBANO			
DEFINICIÓN DE CIDADE	Criterio cuantitativo	Elevado número de habitantes. Superior a ***10.000 habitantes***	
	Criterios cualitativos	Sectores económicos predominantes: ***terciario e secundario.*** Influencia sobre un territorio máis amplo. Tipo de arquitectura e urbanismo: ***edificios altos, maior densidade de espazo edificado, avenidas máis longas...*** Dinamismo e variedade social. Moitas funcións.	
PROCESO DE URBANIZACIÓN	Etapa preindustrial (ata o s. XVIII)	Etapas: Cidade romana. ***Cidade medieval musulmana*** ***Cidade medieval cristiana*** ***Cidade moderna*** ***Cidade no s. XVIII***	Características: ***Factores estratéxicos-militares.*** ***Político-administrativos.*** ***Económicos e relixiosos*** ***Menos do 10% reside en cidades.*** ***Habitada por artesás e comerciantes.*** ***Pequeno tamaño.*** ***Delimitada por murallas.***
	Etapa industrial (XIX-1975)	***Revolución industrial: instalación de fábricas e aumento do número de habitantes.*** ***Aparición de novos transportes.*** ***Destrución de murallas.*** ***Ensanches.*** ***Barriadas obreiras.*** ***2ª m. do s. XX: polígonos residenciais, industriais, crecemento cara a periferia e densificación dos cascos antigos.***	
	Estapa posindustrial (1975-actualidade)	***Crecemento da área metropolitana (cidade difusa)*** ***Perda de protagonismo da actividade industrial polos usos terciarios.*** ***Descenso no ritmo do crecemento urbano. Importancia dos servizos como factor de urbanización.***	
MORFOLOXÍA URBANA	Ten como elementos	***Localización e situación.*** ***Plano: irregular, regular (ortogonal e radiocéntrico)*** ***Trama (aberta e pechada) edificación.*** ***Usos do solo.***	

ESTRUTURA URBANA	Configurado por	*Casco antigo. (coas súas modificacións posteriores)* *Ensanche do XIX. (modificacións posteriores)* *Barrios xardín.* *Barriadas obreiras.* *Periferias actuais: polígonos residenciais, áreas industriais e de equipamento.* *Aglomeracións urbanas: área metropolitana, conurbación, rexión e megalópole.*	
FUNCIÓNS URBANAS	*Residencial, comercial, industrial, administrativa, cultural, lúdica e turística. Multifuncional.*		
SISTEMA DE CIDADES	Xerarquía urbana	*(vén dada pola especialización de funcións área de influencia)* *Metrópoles globais nacionais.* *Metrópoles rexionais e subrexionais.* *Cidades medianas.* *Capitais comarcais.*	
	Redes de cidades	En Europa	*Arco centroeuropeo.* *Arco mediterráneo.*
		En España	*Eixe mediterráneo.* *Eixe cantábrico.* *Eixe do val do Ebro.* *Eixe atlántico.* *Eixe andaluz.* *Arquipélagos.* *Madrid.*
PROBLEMAS AXENTES SOCIAIS E SOLUCIÓNS	**Problemas:** *Derivados da densificación: vivenda, abastecemento, ordenación do tráfico e transporte...* *Económicos: excesiva terciarización...* *Sociais: delincuencia, marxinación e inmigración...* *Medioambientais.*	**Axentes sociais:** *Propietarios do solo.* *Promotores inmobiliarios.* *Cidadáns.* *Poderes públicos.*	**Solucións:** *A planiificación urbana. PXOM.*